

PROPOSTAS DE TRABALLO XERAIS:

- **Actividade descripción zapatillas:** Collemos as nosas zapatillas e facemos unha descripción falada e os mais maiores escrita.
 - Por arriba, por abaxo e por dentro. Fixarse en cores, letras, números...
 - Poñer adxectivos: suave, rugosa, onde está quente? onde está fría,? dura, branda, o seu cheiro, fai ruído?
 - Poñemos a zapatilla enriba dunha cartolina e marcamos a silueta. Escribimos o noso nome e o nº de zapato. Logo na aula ordenaranse todas de maior a menor e viceversa. Poden facelo coas siluetas da familia.
 - **Vídeo tipos de casas:**
<https://www.youtube.com/watch?v=64KgpZCvuos>
 - **Actividade sobre as casas:**
<https://view.genial.ly/6003762832457a0d0e7d3b9c/interactive-content-tipos-de-casas>

Sácalle unha foto ao exterior da túa casa e compárteala cos teus compañeiros para investigar sobre os tipos de casas.
 - **Conto Día da Paz.:**
<https://www.youtube.com/watch?v=cGkIkYlmoZ4>

Achegase o día 20 de xaneiro, o día da Non violencia e a Paz. Este ano imos traballar a figura de Wangari Maathai, a cal recibiu o Premio Novel da Paz por contribuír á plantación de árbores e por loitar pola paz.
 - **Bailar a canción do día da paz:**
<https://www.youtube.com/watch?v=wleM4PM7aZw>
- Respondemos as seguintes preguntas:
- Wangari viviu en Kenia un país. Sabes en que país vivimos nós?
 - Wangari viviu nun continente, en África. Sabes en que continente vivimos nós?
 - Grazas a Wangari e as mulleres que lle axudaron a plantar árbores, Kenia non se converteu nun deserto e puideron plantar produtos típicos do seu país como son a batata (non PATACA!), cana de azucré e millo. Coñeces algún producto típico de onde vives ti?
 - Agora Wangari coñécese como “A muller árbore”. Poderías representala nunha obra de arte?

- **Proxecto:** Os montes de Coristanco (Ver documento anexo). Escribe o nome de algúns montes da túa zona para logo engadilo ao mapa da escola. Aquí teñemos algúns que xa descubrimos:
MONTE DO COTÓN
MONTE DA RABADEIRA
MONTE DO VILAR
MONTE REIGOSO.
- **Programa CLAN sobre Wangari:**
<https://www.rtve.es/infantil/serie/lunnis/video/wangari-maathai/5737329/>
- **Canción do inverno e animais dos polos:**
<https://www.youtube.com/watch?v=w0Pmlqet40>
Falar sobre que roupa vestimos en inverno: nos pes, nas pernas, no tronco, no pESCOZO, na cabeza e nas mans.
Logo investigamos sobre os seguintes animais: narval, oso polar, raposo polar, buho das neves, pinguín e foca. Buscamos que tipo de animal é (mamífero, anfibio, reptil...) e de que se alimenta.
- **Linguaxe:** traballamos o texto instrutivo cun experimento de neve. Débese ler a proposta (Ver arquivo adxunto) e marcar as partes do texto seguindo o código de cor. Finalmente poden facer a neve na casa.

Conto sobre as familias: Pensamos se coñecemos algunhas familias como estas.

- <https://www.youtube.com/watch?v=KWNGZVWuM7U>

PROPOSTAS DE TRABALLO INTERACTIVO:

- **LECTURA INTERACTIVA INFANTIL**
- <https://view.genial.ly/600eeb69a6abe20d973a5f01/interactive-content-aprendemos-a-leer-con-micoledivertido>
- **BOMBA DAS PALABRAS**
- <https://view.genial.ly/5e73a55c5ba06e125af13c2e/game-boom>
- **SUMA OU RESTA**
- <https://view.genial.ly/5c7a24e408403f0261327be9/interactive-content-suma-o-resta>
- **MINIPROBLEMAS**
- <https://view.genial.ly/5ea1ebfc6489ab0dc21f6acd/game-miniproblemas-1>

•

•

•

•